

COMPRESIÓN LECTORA

A MUIÑEIRA

A cultura galega tivo, dende hai moitos séculos, notables coros e corpos de baile que recollían as melodías populares e as danzas campesiñas, mariñeiras, etc. Estas danzas executábanse nas festas e romarías das distintas comarcas galegas.

A muiñeira é o xénero musical máis común do folclore galego. Acompañada polo son da pandeireta, é sempre un alarde de ritmo, rapidez e vistosidade.

Unha das muiñeiras máis características de Galicia é o espantallo. É unha danza campesiña, con música popular. O traxe que se utiliza é típico da comarca de Noia e pertence ao século XVIII. Trátase dunha danza inspirada nun espantallo. No medio do baile o espantallo cobra vida para bailar coas mozas. Este baile é en realidade un culto ao Sol, ás augas polas boas colleitas e ao espantallo que as protexe. Este baile é un dos poucos nos que só bailan as mulleres cun único home. Ese home pon unha coroa por riba da súa roupa e baila con ela.

Outra das muiñeiras que se interpretan moito é a muiñeira de Fraga (provincia de Pontevedra). Bailada por homes e mulleres a principios deste século. Está caracterizada pola roda, común na maioría dos seus paseos e coplas. É de ritmo rápido, que permite comprobar a variedade de muiñeiras existentes en Galicia, segundo a súa zona ou comarca. Así, por exemplo, a ribeirá é de ritmo moi lento.

1. Con que construcións tradicionais galegas pode estar relacionada a palabra “muiñeira”?

2. Que instrumento musical adoita acompañar as muiñeiras?

3. Como se chama unha das muiñeiras máis características de Galicia? Que información proporciona o texto sobre o traxe que se utiliza nesta danza?

4. Que muiñeiras se usan no texto como exemplo de ritmo rápido e ritmo lento?

REPASO

Completa as seguintes oracións con artigos (o, a, os, as, un, unha, uns, unhas) e con demostrativos (este, esta, estes, estas, ese, esa, eses, esas, aquel, aquela, aqueles, aquelas).

- ___ é ___ xersei que merquei ___ outro día.
- Manuel foi á casa de Uxía para darlle ___ saúdo.
- ___ árbores secaron ___ inverno pasado.

- Onte ía ___ calor espantosa.
- ___ neno xa non é o meu amigo.
- Non vou a __ partido porque estou mancado nunha perna.
- Penso que nestas caixas están __ fotografías do avó.
- Lémbrome todos __ días daquela tarde na piscina.
- ___ libros están tan mal colocados que van caer.
- __ destes amigos teus foi quen me roubou __ reloxo.

Clasifica agora os determinantes artigos das oracións anteriores en determinados e indeterminados

. Determinados: _____

. Indeterminados: _____

Nestas oracións, rodea os adxectivos e subliña o nome ao que se refiren:

- A primavera luminosa deu paso ao caloroso verán.
- Despois chegou o suave outono, quen chamou polo frío inverno
- . – As vacas leiteiras pastaban nos verdes prados.

Indica o xénero e o número dos adxectivos que subliñaches no exercicio anterior.

.....

.....

.....

.....

.....

.....